

Regulamento 09/2025, do 4 de novembro, do Consello de Goberno, polo que se establecen os criterios para o recoñecemento de grupos de investigación e persoal investigador individual do Catálogo de Investigación da UDC

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. Os grupos de investigación	2
Artigo 1. Definición de grupo de investigación	2
Artigo 2. Composición dun grupo de investigación	2
Artigo 3. Constitución dun grupo de investigación	4
Artigo 4. Coordinación dun grupo de investigación	5
Artigo 5. Organización e xestión dun grupo de investigación.....	5
Artigo 6. Disolución dun grupo de investigación	6
Artigo 7. Modificación dun grupo de investigación	6
CAPÍTULO II. Persoal investigador individual	7
Artigo 8. Definición de persoal investigador individual	7
CAPÍTULO III. Catálogo de Investigación da UDC	7
Artigo 9. Xestión do Catálogo de Investigación da UDC	7
Artigo 10. Aplicación	7
Disposición adicional. Difusión	8
Disposición transitoria. Adaptación das unidades e grupos de investigación ao novo regulamento.....	8
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	8
Disposición final primeira. Habilitación	8
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	8
ANEXO I. Criterios do persoal investigador en activo	9
ANEXO II. Gobernanza dos grupos.....	10

PREÁMBULO

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario establece que a investigación é unha das funcións fundamentais das universidades e que estas impulsarán estruturas de investigación e de transferencia e intercambio do coñecemento e innovación que faciliten a interdisciplinariedade e multidisciplinariedade. De conformidade co previsto no artigo 173.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, a Universidade fomentará a creación e consolidación de grupos de investigación e o desenvolvemento da investigación en centros de investigación, sen prexuízo da libre investigación individual.

Resulta conveniente adaptar a definición de grupo de investigación recoñecido pola Universidade á normativa estatal e universitaria vixente, e actualizar a normativa que regula a súa creación e composición. Ademais, establécese un novo marco procedimental co obxecto de simplificar e reducir a carga dos trámites administrativos relacionadas coa xestión dos grupos de investigación e persoal investigador activo da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO I. Os grupos de investigación

Artigo 1. Definición de grupo de investigación

Os grupos de investigación constitúen a estrutura básica para o desenvolvemento da investigación na universidade. Son o resultado da libre e voluntaria agrupación de persoas investigadoras doutoras activas con capacidade plena para o desenvolvemento da actividade investigadora, e outro persoal da Universidade da Coruña (UDC), por razóns de coincidencia estable nos seus obxectivos, infraestruturas e recursos compartidos, ao redor dunhas determinadas liñas de investigación, desenvolvemento e innovación.

Artigo 2. Composición dun grupo de investigación

2.1 Persoas integrantes dun grupo de investigación

1. Todos as persoas integrantes dun grupo de investigación deberán pertencer ou estar adscritas á UDC.

Poderán formar parte dun grupo de investigación as persoas pertencentes ás seguintes categorías:

a) **INV.** Persoal investigador doutor en activo. O persoal investigador debe cumprir uns requisitos mínimos de produción científica para ser considerado activo, que están definidos no anexo I, de acordo cos criterios fixados pola Comisión de Investigación. Esta categoría divídese nas seguintes subcategorías:

– INV1.- Persoal docente e investigador (PDI) doutor activo. Inclúese o PDI funcionario da UDC que se atope na situación de servizos especiais ou de prestación de servizos noutras administracións públicas (comisión de servizos), coa autorización da entidade en que estean a prestar eses servizos.

Inclúese o profesorado emérito e honorario da UDC, as persoas do programa Oportunus e o profesorado distinguido [artigo 84 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU)]. Os méritos destas figuras, así como daquel PDI que teña 6 sexenios, xa se consideran acreditados pola súa condición e non precisan avaliación de acordo cos criterios do anexo I para ser considerado activo.

– INV2.- O PDI que sexa investigador activo de acordo cos criterios do anexo I, pero non sexa doutor nin estea a realizar a súa tese matriculado nun programa oficial de doutoramento. Esta é unha categoría excepcional derivada de contratos derivados de

leis anteriores á LOSU e admítense nestes casos illados a denominación INV a pesar de non ter o grao de doutora ou doutor.

– INV3.- Persoal contratado para tarefas de investigación (PCTI) investigador doutor en activo. Inclúense: a) as figuras de contratación de programas de captación de talento (doutores/as) como poden ser os casos de axudas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, post-doc da Xunta de Galicia ou outras; e b) as persoas con contratos do tipo investigador/a contratado/a doutor/a ou investigador/a asociado/a [artigo 23.bis da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (LCTI)], e investigador distinguido/a (artigo 23 da LCTI).

b) **DOU.** Persoas que están a realizar a súa tese de doutoramento, matriculadas nun programa oficial de doutoramento da UDC ou de carácter interuniversitario en que participe a Universidade, cando polo menos unha da/s persoa/s que dirixa a súa tese estea inscrita no catálogo e exista acordo co resto de persoas directoras ou titoras. Esta categoría divídese nas seguintes subcategorías:

– DOU1.- PCTI investigador, contratado coa figura de colaborador/a de investigación ou como investigador/a en formación (artigo 23.bis da LCTI), ou con contratos predoutorais (artigo 21 da LCTI), que estea a realizar a súa tese de doutoramento.

– DOU2.- Outras persoas que estean a realizar a súa tese de doutoramento.

c) **PT.**- Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) e PCTI de investigación vinculado ao grupo, sempre que a súa actividade no grupo se realice sen menoscabo da función que teña establecida na relación de postos de traballo (RPT) ou no seu contrato, e conte co informe favorable da persoa responsable da unidade a que estea adscrito.

2. Non será posible a pertenza simultánea como persoa integrante a máis dun grupo de investigación da UDC. Tampouco poderán formar parte doutro grupo de investigación da UDC como persoal asociado.

3. Poderase considerar a incorporación a un grupo de investigación como persoa integrante, logo do visto e prace da vicerreitoría con competencias en materia de investigación, doutras figuras que pola súa novidade ou modificación legislativa non se atopen recollidas neste regulamento.

2.2 Persoal asociado dun grupo de investigación

1. Así mesmo, poderán formar parte do grupo de investigación en calidade de persoas asociadas as persoas pertencentes á seguinte categoría:

ASO.- Persoas que non pertencen nin están adscritas á UDC que colaboran co grupo.

2. O persoal asociado non computará á hora de determinar o número de persoas que integran un grupo de investigación. A decisión sobre a inclusión e a separación de persoal ASO pode delegarse na persoa coordinadora, ou pódense aplicar os mesmos mecanismos que para o persoal membro, a criterio do grupo.

3. O persoal asociado poderá ter a denominación de “investigador/a asociado/a ao grupo” se cumpre os requisitos para ser persoa investigadora en activo.
4. A pertenza a un grupo de investigación da UDC en calidade de persoal asociado non supón vinculación funcional ou laboral ningunha coa Universidade.
5. As persoas asociadas só poden vincularse a un grupo da UDC.

Artigo 3. Constitución dun grupo de investigación

1. Poderanse constituír como grupo de investigación as persoas pertencentes ou adscritas á UDC que, cumprindo os requisitos do presente regulamento para seren persoas integrantes dun grupo de investigación, solicitasen o recoñecemento como tal grupo á vicerreitoría con competencias en materia de investigación e fosen aprobadas por esta, logo do informe favorable da Comisión de Investigación.
2. Un grupo de investigación recoñecido pola UDC estará integrado como mínimo por tres persoas investigadoras doutoras en activo pertencentes ou adscritas á Universidade (categoría INV).
3. O grupo non poderá ser un simple agregado de persoas investigadoras, senón que deberán colaborar cun obxectivo científico común. Neste sentido terase en conta a existencia dunha temática común, de obxectivos específicos similares e/ou complementarios, a utilización de técnicas similares, o aproveitamento dunha infraestrutura común, a co-participación en proxectos de investigación, a existencia de publicacións mixtas etc.
4. O recoñecemento como grupo de investigación débese solicitar á vicerreitoría con competencias en materia de investigación, facendo constar a seguinte información:
 - a) Nome do grupo. Debe ser un nome non excesivamente longo e autoexplicativo do campo temático en que traballa o grupo. O nome do grupo debe permitir a súa identificación de forma inequívoca, polo que non debe entrar en conflito co nome doutro grupo xa existente.
 - b) Nome da persoa coordinadora do grupo e da persoa substituta que asumirá a responsabilidade de coordinación no caso de baixa ou ausencia da persoa coordinadora titular.
 - c) Persoas integrantes que o compoñen, xunto coa sinatura de conformidade de cada unha delas. Na listaxe debe figurar a categoría á que pertence cada persoa integrante así como, no caso das persoas pertencentes á categoría INV, a condición das incluídas no anexo I pola cal cada persoa integrante pode considerarse persoal investigador en activo.
 - d) De ser o caso, a listaxe das persoas asociadas do grupo, xunto coa sinatura de conformidade de cada unha delas. Na listaxe debe figurar a condición das incluídas no anexo I pola cal cada persoa integrante pode considerarse persoal investigador en activo, así como as evidencias da súa colaboración investigadora con persoas integrantes do grupo.

e) Ámbito de investigación concreto: ámbito estratéxico da actividade investigadora do grupo, e área de proxección/interese socioeconómico. Liñas de investigación en que traballa.

f) Sistema de gobernanza, aprobado no seo do grupo, no que se especifique o procedemento polo que se elixe a persoa coordinadora e os mecanismos de alta e baixa das persoas que o integran. De non se presentar, considerarase que o grupo adopta o incluído no anexo II.

Artigo 4. Coordinación dun grupo de investigación

1. Cada grupo deberá ter unha persoa coordinadora, que debe ser PDI doutor do cadro de persoal con compromiso de estabilización ou vinculación permanente coa Universidade e que estea a prestar servizos na UDC, PCTI investigador doutor con compromiso de estabilización, ou persoa contratada do programa Oportunius cunha antigüidade mínima de seis anos de doutora ou doutor e que acredite actividade investigadora. Ademais da coordinación, exercerá como persoa responsable e representante do grupo.

De apareceren outras figuras de contratación similares ás recollidas, a vicerreitoría con competencias en materia de investigación poderá aceptar que as persoas contratadas mediante esas novas figuras coordinen grupos.

2. A persoa coordinadora do grupo actuará de interlocutora para os efectos de xestión coa vicerreitoría con competencias en materia de investigación, será a encargada de informar á vicerreitoría das alteracións sufridas na composición do grupo, temática, actividade ou sistema de gobernanza. Tamén será a persoa responsable das partidas orzamentarias do colectivo e a encargada de comunicar a información correspondente ao resto de persoas membros e a todas as persoas asociadas.

3. A persoa coordinadora velará polo correcto funcionamento e goberno do grupo, que se rexerá polos principios de ética, transparencia e boa xestión, así como por calquera outra normativa vixente que sexa de aplicación.

4. Cada grupo rexerase por un sistema de gobernanza democrático que fixará, entre outras cuestións, o procedemento trazable polo que se elixe a persoa coordinadora, así como a persoa que asumirá a responsabilidade de coordinación do grupo no caso de baixa ou ausencia da persoa coordinadora titular.

Artigo 5. Organización e xestión dun grupo de investigación

1. Só para efectos económicos e administrativos, o grupo de investigación estará vinculado a un centro de investigación, facultade ou escola, e farao preferentemente a aquel ao que pertenza a persoa coordinadora. A vinculación a un centro de investigación, facultade ou escola distinto daquel ao que pertenza quen coordine o grupo, requirirá o informe favorable da persoa que exerce como directora do centro, facultade ou escola.

2. A xestión económica do financiamento basal dos grupos, e dos proxectos e/ou convenios ou contratos, poderá ser levada a cabo de forma autónoma polos propios grupos de investigación, no marco da normativa reguladora das fontes de financiamento e dos contratos de investigación.
3. O rexistro e a xestión dos grupos de investigación corresponderá á vicerreitoría con competencias en materia de investigación e mais á Comisión de Investigación.
4. En caso de calquera discrepancia ou falta de acordo dentro dun grupo de investigación, resolverá a vicerreitoría con competencias en investigación, logo do informe da Comisión de Investigación.

Artigo 6. Disolución dun grupo de investigación

1. Os grupos de investigación disolveranse e perderán a súa condición como tales cando concorran algunha das seguintes situacións:
 - a) De se dar de baixa a persoa coordinadora dun grupo e non se propor unha nova nun prazo de 15 días hábiles.
 - b) De se deixaren de cumprir os requisitos mínimos para o recoñecemento dun grupo de investigación establecidos no artigo 3 deste regulamento.
 - c) A proposta da persoa coordinadora, coa aprobación dunha maioría cualificada do sesenta (60 %) das persoas integrantes do grupo de tipo INV.
2. A disolución deberase realizar en todo caso atendendo ao cumprimento dos proxectos e contratos vixentes nese momento.
3. Cando un grupo se disolva, quen o coordine poderá seguir xestionando o gasto das partidas do grupo ata o final do exercicio económico en curso, sen que sexa posible incorporar ao orzamento do ano seguinte os remanentes de crédito que houber.

Artigo 7. Modificación dun grupo de investigación

1. O proceso de modificación de grupos de investigación existentes realizarase mediante unha solicitude dirixida á vicerreitoría con competencias en materia de investigación, que comprobará que as modificacións non afectan negativamente ao cumprimento dos requirimentos de financiamento ou recoñecemento externo do grupo.
2. A incorporación de novas persoas integrantes realizarase de acordo co sistema de gobernanza do grupo, a petición da persoa coordinadora do grupo, co visto e prace da persoa interesada, á vicerreitoría con competencias en materia de investigación.
3. As baixas no grupo de investigación realizaranse:
 - a) A petición da persoa interesada, quen deberá informar por escrito á persoa coordinadora do grupo de que causa baixa del.
 - b) A petición da persoa coordinadora do grupo, de acordo con mecanismos democráticos que conforman a gobernanza do grupo.

c) Por non cumprir os requisitos especificados no artigo 2 deste regulamento, que se analizarán anualmente.

CAPÍTULO II. Persoal investigador individual

Artigo 8. Definición de persoal investigador individual

Poderán darse de alta como persoas investigadoras individuais todas aquelas persoas que integren a UDC que acrediten o cumprimento dos requisitos para seren considerados persoal investigador doutor en activo INV (incluída a categoría INV2 de PDI non doutor con actividade investigadora).

CAPÍTULO III. Catálogo de Investigación da UDC

Artigo 9. Xestión do Catálogo de Investigación da UDC

1. Todos os grupos de investigación e o persoal investigador individual incluídos no presente regulamento serán inscritos no Catálogo de Investigación da UDC.
2. O Catálogo da Investigación da UDC será un catálogo único, que se actualizará mensualmente, e dependente da vicerreitoría con competencias en materia de investigación.
3. O catálogo recollerá ao menos os seguintes datos:
 - Nome e acrónimo do grupo ou persoa investigadora individual.
 - Centro de investigación, facultade ou escola ao que está adscrito para efectos administrativos o grupo ou persoa investigadora individual.
 - Persoa coordinadora do grupo, así como a persoa que exercerá as funcións de coordinación en caso de baixa ou ausencia temporal.
 - Listaxe de persoas integrantes do grupo.
 - Listaxe de persoal asociado do grupo de investigación.
 - Liñas de investigación.
4. Os grupos e persoal investigador individual e a súa actividade investigadora serán públicos a través do Portal da Investigación, así como mediante outros medios que se consideren oportunos e permitan unha divulgación adecuada da actividade de I+D+i. A divulgación da actividade investigadora efectuarase respectando a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 10. Aplicación

As cuestións que poidan xurdir na interpretación deste regulamento serán atendidas pola vicerreitoría con competencias en materia de investigación, logo do informe da Comisión de Investigación.

Disposición adicional. Difusión

A incorporación ao Catálogo de Investigación da UDC leva implícita a autorización de cada unha das persoas incluídas nel para difundir os grupos e investigadores, a súa oferta tecnolóxica e a súa experiencia rexistrada a través de proxectos en que participan, publicacións e teses.

Disposición transitoria. Adaptación das unidades e grupos de investigación ao novo regulamento

As actuais unidades de investigación, así como os grupos de investigación que non cumpran os requisitos do artigo 3 para seren considerados grupos de investigación, terán tres anos desde a entrada en vigor deste regulamento, para cumprir os requisitos para constituírse en grupos. Mentres tanto, consideraranse grupos aínda que non cumpran os requisitos.

Os grupos actuais deben indicar o nome da persoa que asumirá a responsabilidade de coordinación do grupo no caso de baixa ou ausencia da persoa coordinadora titular. Os grupos actuais teñen tamén que definir un sistema de gobernanza e comunicalo á vicerreitoría con competencias en materia de investigación nun prazo máximo dun mes a partir da entrada en vigor deste regulamento. De non facelo, aplicarase por defecto o mecanismo de gobernanza recollido no anexo II.

Disposición derogatoria. Derogación normativa

1. Quedan expresamente derogados:

a) O Regulamento para o recoñecemento de grupos e unidades de investigación e investigadores/as da UDC aprobado en Consello de Goberno o 10/10/2005, e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 25/02/2021.

b) A Instrución do 10/03/2021 da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, que modifica a do 31/10/2017, pola que se regula a actualización do seu Catálogo de Investigación.

2. Quedan igualmente derogadas calquera outra norma de igual ou inferior rango que se opuxer a este regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de investigación para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad

ANEXO I. Criterios do persoal investigador en activo

Para gozar da consideración de persoal investigador en activo, débese cumprir polo menos unha das seguintes condicións:

- a) Posuír, cando menos, un sexenio de investigación activo ou méritos equivalentes (segundo o criterio que se aplica na Escola Internacional de Doutoramento da UDC).
- b) Acreditar a autoría ou coautoría de, polo menos, tres publicacións en revistas incluídas no *Journal Citation Reports* (JCR) ou no SCIMAGO nos últimos seis anos. Naquelas áreas en que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) nestes campos científicos. Determinados congresos sectoriais de relevancia para o ámbito de coñecemento poderían terse en conta pola autorización previa da Comisión de Investigación.
- c) Ser persoa integrante do equipo de investigación dun proxecto vixente financiado mediante convocatorias públicas estatais ou europeas.
- d) Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente ou licenza de software en explotación, que xerese para a UDC máis de 5000 € en regalías ou que acredite, no caso dun software de uso gratuito, máis de 1000 persoas usuarias.
- e) Participar como persoa investigadora responsable nun ou varios contratos de investigación ou transferencia subscrito ao abeiro do artigo 60 da LOSU, con empresas, administracións públicas ou outras entidades, con ingresos de máis de 10.000 € nos últimos tres anos. No caso de contratos con varias persoas investigadoras principais (IP), a cantidade dividirase entre elas, de xeito uniforme (dous IP: a metade etc).
- f) Dirixir nos últimos seis anos, coa cualificación de sobresaliente *cum laude* ou apto *cum laude*, ou cualificación equivalente noutros países, unha tese de doutoramento que dese lugar, polo menos, a unha publicación en revistas indexadas no JCR ou no SCIMAGO ou algunha contribución relevante no seu campo científico segundo os criterios da CNEAI.
- g) Conseguir o título de persoa doutora nos últimos dous anos.

ANEXO II. Gobernanza dos grupos

Os grupos poden establecer o seu sistema democrático de gobernanza. Dado que hai grupos de tamaño e configuración moi diversa, non parece axeitado obrigar a todos os grupos a ter o mesmo sistema.

1. Información que debe incluír un sistema de gobernanza

Os grupos poderán propor o seu propio sistema de gobernanza, que será revisado e validado pola Comisión de Investigación. Os mínimos para poder ser considerado como tal deben incluír:

- O recoñecemento de que a elección da persoa coordinadora do grupo realizarase de forma democrática por votación, e que todas as persoas integrantes do grupo poden votar. O voto pode ser ponderado. Respetarase o principio de que o colectivo INV terá a maioría do peso no proceso de votación.
- A duración do encargo que recibe a persoa designada para coordinar o grupo. Recoméndase un prazo de seis anos. Co fin de respectar o principio de autonomía dos grupos de investigación, e dado que nalgúns grupos é difícil propiciar a rotación, pódese aceptar que a persoa coordinadora dun grupo se presente á reelección.
- Procedementos para as incorporacións e baixas de persoas ao grupo. Neste último caso requirirase unha maioría nítida.

2. Sistema de gobernanza supletorio, no caso de non establecer un sistema propio

En caso de que un grupo non declare un sistema de gobernanza propio, serán de aplicación as seguintes normas.

- 1.- A persoa coordinadora do grupo será escollida polas persoas integrantes das categorías INV, DOU e PT, segundo o definido no artigo 2. As persoas que integran o grupo de tipo INV terán un peso mínimo dun sesenta (60 %) na votación. Os colectivos DOU e PT non poderán ter unha representación superior ao vinte (20 %) cada un deles. Se non se logra esta condición mediante o voto directo e igual de todas as persoas integrantes dos colectivos INV, DOU, e PT, ponderarase á baixa o voto dos colectivos DOU e/ou PT sobrerrepresentados ata un máximo dun vinte (20 %). As persoas que integran o colectivo ASO non participan na elección da persoa coordinadora.
- 2.- O período de coordinación terá unha duración de seis anos e non se pode optar a un seguinte período consecutivo.
- 3.- A incorporación dunha persoa ao grupo ten que ser aprobada pola maioría simple das persoas electoras (categorías INV, DOU e PT). Para o proceso de votación aplicarase o mesmo criterio que no apartado 1.



4.- Unha persoa pode ser apartada do grupo se así o vota unha maioría cualificada do sesenta (60 %) das persoas electoras (categorías INV, DOU e PT), considerando as ponderacións indicadas no apartado 1.

Estas normas pódense adaptar e modificar sempre que se respecten os principios esenciais que se expuxeron ao inicio deste anexo.

As modificacións do sistema de gobernanza terán que ser aprobadas pola Comisión de Investigación e a proposta terá que ser avalada por unha maioría cualificada do sesenta (60 %) do colectivo INV.